

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES E LIÑAS DE TRABALLO DE LOITA CONTRA O TRÁFICO DE DROGAS E A XESTIÓN DE BENS COMISADOS EN DELITOS CONTRA O NARCOTRÁFICO E CONEXOS

A Coruña, 7 de maio de 2026

REUNIDOS


Dunha banda, **D. Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra banda, **D. Manuel Antonio Couceiro Cachaldora**, presidente da Fundación Galega contra o Narcotráfico, tal e como consta na sección da Consellería de Sanidade do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e en representación desta Fundación de conformidade co establecido nos seus estatutos.

EXPOÑEN:

Primeiro. Á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade fronte ao narcotráfico e delitos conexos.

Segundo. A Fundación Galega contra o Narcotráfico é unha entidade privada sen ánimo de lucro que naceu en Vilagarcía de Arousa no ano 2002, continuando na liña de traballo que viña realizando a Plataforma Galega contra o Narcotráfico, asociación sen ánimo de lucro rexistrada co número 141.003 no Rexistro Nacional de Asociacións. Por medio de acta notarial outorgada o 24 de xaneiro de 2002 disólvese a plataforma e constitúese a Fundación Galega contra o Narcotráfico, aprobándose os seus estatutos.



Terceiro. A entidade é clasificada como benéfico-social por Orde do 23 de maio de 2002 (DOG núm. 105, do 3 de xuño de 2002) e declarada fundación de interese galego por Orde do 25 de xuño de 2002 (DOG núm. 133, do 11 de xullo), e figura inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2002/5, o que a configura como unha institución con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar.



Cuarto. A Fundación ten por obxecto a loita contra o tráfico ilícito de drogas e as súas consecuencias na sociedade galega (principalmente de orde sanitaria, económica, social e de seguridade), a través de diversas actividades e eixes de traballo. Con este fin, a Fundación desenvolve iniciativas en distintas áreas, entre as que destacan as actuacións de loita contra o narcotráfico e delitos conexos dende a sociedade civil en colaboración permanente coas forzas e corpos de seguridade do Estado e mais coas diversas administracións con competencias na materia, tal e como se recolle nos seus estatutos, así como tamén a celebración de xornadas e foros de debate, a elaboración de propostas legislativas e outras actividades.

Quinto. O artigo 29 da Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas, establece que a Administración Autonómica de Galicia poderá subscribir, conforme á normativa vixente, concertos e convenios e conceder subvencións a entidades públicas, entidades benéficas privadas sen ánimo de lucro e entidades privadas que interveñan no ámbito da prevención, asistencia, rehabilitación, reinserción, formación ou investigación en materia de drogo dependencias. Entre as liñas xerais de actuación da Administración Autonómica recollidas na citada Lei 2/1996, desenvolveranse todas aquelas actuacións de prevención tendentes a eliminar ou, no seu defecto, reducir a promoción e consumo de drogas.

Sexto. O Código penal contempla no seu artigo 374 a posibilidade de venda anticipada dos obxectos, efectos e instrumentos do delito de tráfico de drogas sen esperar o pronunciamento de firmeza da sentenza cando o seu propietario faga expreso abandono deles, ou ben cando a súa conservación poida resultar perigosa para a saúde ou seguridade públicas, dar lugar a unha diminución importante do seu valor ou afectar gravemente o seu uso e funcionamento habituais.

Pola súa banda, o artigo 367 *quinquies* da Lei de axuízamento criminal dispón que a realización dos efectos xudiciais poderá consistir na súa entrega a entidades sen ánimo de lucro ou ás administracións públicas cando os bens sexan de ínfimo valor ou se preveña que a realización por medio de persoa ou entidade especializada ou por medio de poxa pública vai ser antieconómica.

A Fundación considera que a entrega a entidades sen ánimo de lucro dos bens embargados como consecuencia da comisión de delitos relacionados co narcotráfico e delitos conexos, e a difusión da realización de tal actividade, pode ter un significado



moi exemplarizante e disuasorio para a sociedade, e pode resultar moi útil para evitar a comisión de delitos relacionados coa dita materia.

Por iso, a Fundación mantén contactos permanentes e sesións informativas coa Administración de Xustiza a fin de lle facilitar información acerca das súas actividades e fins fundacionais, así como sobre a existencia doutras entidades sen ánimo de lucro que poidan ser destinatarias dos bens embargados en relación coa comisión de delitos de narcotráfico e conexas.


Alén disto, a Fundación organiza periodicamente xornadas e foros de debate dirixidos a informar á sociedade das actividades que realiza, así como do destino dado aos bens embargados e entregados polos xulgados.

Tendo en conta os seus fins fundacionais e intereses, a Fundación ven estudando o deseño e implantación de fórmulas que permitan optimizar a xestión dos bens comisados ao narcotráfico. Neste sentido, deseñou un proxecto de actividades fundacionais consistente nunha serie de actuacións dirixidas a ofrecer ás autoridades xudiciais, e a outros axentes implicados, a súa colaboración e auxilio nas tarefas de xestión, depósito e realización anticipada dos bens mobles incautados en procesos de narcotráfico instruídos en Galicia. O dito proxecto descríbese detalladamente no anexo do presente convenio.

Sétimo. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Fundación Galega contra o Narcotráfico queren impulsar xeitos de colaboración que posibiliten mellorar a eficacia e eficiencia da loita contra o narcotráfico en Galicia dende o ámbito xudicial a través da execución do dito proxecto da Fundación, o cal permitirá prestar información, e se é o caso apoio, aos xulgados e tribunais de Galicia para o exercicio das súas funcións en relación cos bens mobles incautados.

Oitavo. Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que a Fundación Galega contra o Narcotráfico é a única fundación que realiza na súa zona xeográfica actividades específicas de loita contra o narcotráfico a través da colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade, con profesionais do eido xudicial e coas administracións e organismos con competencias na materia, o que supón por parte da Fundación Galega contra o Narcotráfico a asunción dunha serie de obrigas económicas e de traballo.

Noveno. A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.




En consecuencia, ao abeiro do exposto, e no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. *Obxecto.*

O obxecto deste convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Fundación Galega contra o Narcotráfico coa seguinte finalidade:

1. A implantación por parte da Fundación de fórmulas que permitan optimizar a xestión dos bens comisados ao narcotráfico e delitos conexos, para o que require o apoio financeiro de modo que poda desenvolver a articulación coordinada dunha serie de actuacións de ofrecemento de colaboración e auxilio ás autoridades xudiciais e a outros axentes implicados nas tarefas de xestión, depósito e realización anticipada dos bens mobles incautados en procesos de narcotráfico e delitos conexos instruídos en Galicia.
2. O financiamento de actividades e liñas de traballo da Fundación para loitar contra o tráfico de drogas en Galicia, entre as que destacan as seguintes:
 - Organización da realización en Galicia de foros profesionais, xornadas e encontros de carácter técnico relacionados coa loita contra o narcotráfico e o branqueo de diñeiro procedente das drogas, en colaboración con profesionais do ámbito xudicial e policial.
 - Desenvolvemento de programas, campañas e accións de información e sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico, xunto a prevención de drogo dependencia, a través de actos públicos, sociais e de lecer dirixidos á sociedade galega con especial referencia ás zonas que presentan maiores índices de risco e incidencia do consumo e tráfico de drogas.
 - Organización e realización da campaña de sensibilización social e torneos deportivos "Panos Brancos contra a droga" en coincidencia co Día Internacional contra a Droga instaurado pola ONU.
 - Axuda e asesoramento a drogo dependentes e familias, atendendo solicitudes de forma persoal, telefónica e telemática; así como recollida de denuncias sobre narcotráfico.
 - Organización e celebración da Gala e Premios Anuais da Fundación.
 - Elaboración, promoción e impulso de iniciativas de diverso orde que permitan mellorar a eficacia da loita contra o tráfico de drogas en Galicia, propoñendo, entre outras, novas accións de coordinación, instrumentos legais e melloras operativas que axuden á loita contra o narcotráfico dende os eidos xudicial e policial.





- Colaboración permanente coas forzas de seguridade e profesionais do ámbito xudicial para o estudo e proposta de melloras operativas e de diverso orde que sirvan como novas ferramentas e servizos dirixidos á Administración de Xustiza e Forzas e corpos de seguridade do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Obrigas da fundación.

A Fundación Galega contra o Narcotráfico comprométese a:

1. Colaborar coa Administración na elaboración de estatísticas e informes que axuden no desenvolvemento das actuacións de carácter preventivo, achegando cando lle sexa solicitada, información sobre a xestión e seguimento dos servizos prestados.
2. Fomentar a información e divulgación dos efectos negativos das drogas, mediante a realización de seminarios e xornadas.
3. Realizar as actividades previstas no proxecto de xestión de bens comisados ao narcotráfico e delitos conexos que se recolle no anexo deste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes da fundación, e o dito persoal non terá relación laboral coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
4. Difundir a existencia do seu proxecto de xestión de bens comisados, informando aos profesionais da Administración de Xustiza en Galicia das posibilidades de apoio que supón para os órganos xudiciais.
5. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
6. Poñer á disposición da autoridade xudicial, cando así sexa solicitado por esta, información relativa aos posibles destinatarios do uso, cesión ou adxudicación dos bens incautados.
7. Achegar á Administración autonómica xustificación dos gastos e do seu pagamento a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o seu regulamento, mediante a presentación da seguinte documentación:
 - Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e da consecución dos obxectivos deste Convenio.
 - Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, as datas de pagamento.



- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que supoñan ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización correspondentes na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste Convenio.
 - Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.
8. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
10. A cumprir, en materia de protección de datos, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos

persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia. Esta obriga subsistirá aínda cando finalice a súa colaboración coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

11. Informar á Dirección Xeral de Xustiza do grado de execución do presente convenio trimestralmente e, en todo caso, cando estea executado o 75% da cantidade máxima do convenio.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colaborará na realización das actuacións a que se refire a cláusula primeira deste convenio achegando a cantidade máxima de TRINTA E SEIS MIL CINCOCENTOS EUROS (36.500,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, como contribución aos gastos soportados pola fundación pola realización do seu proxecto de actividades.

Cuarta. Libramento de fondos.

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



A Fundación remitirá á Dirección Xeral de Xustiza a documentación referida no Punto 7 da Cláusula Segunda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá



7

acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas administracións públicas, a fundación deberá reintegrar o exceso e mais os xuros de mora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrera a fundación como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto de convenio e que se efectuaran con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

A subvención supón o 100% do custo total estimado.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao capítulo IV do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que a Fundación Galega contra o Narcotráfico é unha institución privada sen ánimo de lucro, a citada institución queda exonerada da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 30 de novembro de 2026.

Quinta. Pagos parciais.

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a pedimento da Fundación, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do límite da respectiva anualidade orzamentaria e atendendo ao ritmo de execución da actividade subvencionada.

Para a realización de pagamentos parciais a Fundación deberá xustificar que se realizaron actuacións relacionadas co obxecto do convenio, así como o seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva.

De acordo co establecido no artigo 11.d) da Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de efectuar o primeiro pago parcial da achega económica da Administración autonómica, a Fundación deberá presentar unha declaración do



8

conxunto de todas as axudas concedidas para este mesmo fin ante as administracións públicas ou outros entes públicos. Con carácter previo á tramitación do derradeiro pagamento, a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actuación das distintas administracións públicas ou das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

Sexta. *Compatibilidade con outras axudas.*

De acordo co disposto no artigo 40.1.d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.


Sétima. *Publicidade e protección de datos.*

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.



A Fundación Galega contra o Narcotráfico en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Igualmente comprométense a destacar nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas no Convenio, a colaboración prestada polas outras partes asinantes.

En toda difusión ou publicidade que xere a realización das actividades recolleitas no presente convenio, farase referencia expresa á colaboración levada a cabo entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a fundación, incluíndose a imaxe corporativa de ambas as dúas institucións.


Oitava. *Confidencialidade da información e dos resultados.*

As partes asinantes do presente Convenio comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Novena. *Comisión de seguimento do convenio.*

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará integrada por 4 membros, designados por cada parte asinante:

- Dúas persoas por parte da Administración de Xustiza da Xunta de Galicia:
 - A persoa que ostente a dirección da Dirección xeral de Xustiza, que ostentará a presidencia e terá voto dirimente.
 - A persoa que ocupe o posto da subdirección xeral de medios da Administración de Xustiza, que actuará como secretaria.
- Dúas persoas por parte da Fundación Galega contra o Narcotráfico.



A Comisión terá as seguintes funcións:

- Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Décima. Causas de resolución.

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

De se resolver o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda –illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos– supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo primeira. Vixencia do convenio e gastos subvencionables.


A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá o 31 de decembro de 2026.

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións, considerarase gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, responderen á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2026.

Décimo segunda. Natureza xurídica do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa. As discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, precedendo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que poida xurdir na súa aplicación.

Resulta de aplicación a normativa reguladora das subvencións públicas, isto é, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei, así como as previsións de carácter básico



da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, é asinado polas partes comparecentes no lugar e data que se indican no encabezamento.

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes



Diego Calvo Pouso

O Presidente da Fundación Galega
contra o Narcotráfico



Manuel Antonio Couceiro Cachaldora

ANEXO

Proxecto de actividades da Fundación Galega contra o Narcotráfico consistente en actuacións de ofrecemento de colaboración e auxilio ás autoridades xudiciais, e a outros axentes implicados, nas tarefas de xestión, depósito e realización anticipada dos bens mobles incautados en procesos de narcotráfico instruídos en Galicia

Definición

O presente proxecto abrangue a organización de actividades da Fundación deseñadas con vistas a lles ofrecer ás unidades xudiciais, cando estas llo requiran, labores de información e apoio aos profesionais especializados nas tarefas de xestión, depósito e realización anticipada dos bens mobles incautados en procesos de narcotráfico, a fin de optimizar e mellorar o seu rendemento e eficiencia.

O obxectivo é ofrecerlles ás autoridades xudiciais información e apoio que permita reducir a carga de traballo das unidades xudiciais que instrúen procesos de tráfico de drogas, minimizando así os custos derivados do depósito e xestión dos ditos bens e maximizando o beneficio para a sociedade galega.

As actuacións informativas e de apoio derivadas da execución do proxecto serán dirixidas e coordinadas pola Fundación Galega contra o Narcotráfico, en colaboración, se é o caso, con entidades especializadas coas que a Fundación establecerá os oportunos acordos e/ou protocolos de colaboración.

Funcións

A Fundación, en relación cos bens mobles incautados en procesos de narcotráfico instruídos en Galicia, ofrecerá ás autoridades xudiciais información sobre a xestión integral do ben moble, dende a súa incautación ata o remate do proceso. Así mesmo, cando sexa requirida colaborará, xunto cos outros axentes implicados, na coordinación das tarefas de xestión, depósito e realización anticipada dos bens mobles incautados. En particular, ofrecerá á autoridade xudicial información sobre as posibilidades ou peticións de cesión de bens.

O proxecto abrangue as seguintes tarefas, realizadas sempre e cando sexan requiridas pola autoridade xudicial:

- Coordinar cos axentes implicados a recollida do ben e o transporte ata o lugar de depósito.
- Orientar a autoridade xudicial acerca dos supostos en que resulta máis conveniente a venda anticipada dos bens.

- Informar á autoridade xudicial acerca das solicitudes de uso/cesión de bens incautados.

Organización

A Fundación ocuparase de impulsar o desenvolvemento do seu proxecto, difundindo a súa existencia e fomentando a explotación das súas posibilidades dende o ámbito xudicial. Así mesmo, a súa responsabilidade será a dirección e coordinación das actividades que comprende, podendo prestar colaboración, auxilio e apoio ás persoas e entidades especializadas coas que a Administración autonómica subscriba acordos de colaboración tendentes ao apoio ás unidades xudiciais nas materias obxecto deste convenio.

A Fundación, tendo en conta a información sobre bens comisados que poida recibir dos xulgados, canalizará tamén as peticións de uso dos bens mobles incautados e non vendidos –fundamentalmente vehículos, embarcacións e equipos informáticos e de comunicacións– que poidan ser utilizados nos termos legalmente previstos.

Colaboración de entidades especializadas

A Fundación ofrece a súa colaboración e apoio aos recursos xa existentes á disposición da Administración de xustiza nas materias obxecto deste convenio, co obxectivo de acadar a máxima axilidade e eficacia nas tarefas de xestión integral do ben moble, dende a súa incautación ata o remate do proceso de prestación do servizo. En particular, a fundación ofrece a súa colaboración e apoio ás entidades especializadas no depósito e venda de bens coas que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes teña asinados convenios de colaboración.

Avaliación do proxecto

A fundación presentaralle dentro do ano 2026 á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha avaliación final que inclúa:

- As actuacións informativas e de difusión na Administración de xustiza que se realizaran no marco do proxecto.
- O número de peticións de información e auxilio efectuadas á fundación.
- As actuacións de coordinación que se realizaron cos axentes implicados na recollida do ben e no seu transporte ata o lugar de depósito.
- O número de solicitudes de cesión de bens tramitadas pola fundación e os resultados obtidos.
- Un informe final sobre o cumprimento dos obxectivos e no cal se inclúan, se é o caso, propostas de mellora que se consideren necesarias ou propostas de novas actuacións.

